



Concello de Vigo

YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 11 de agosto de 2022**, adoptou o seguinte acordo:

3.- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LIBROS E PUBLICACIÓNS CON DESTINO A DISTINTOS SERVIZOS E ÁREAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6738/241.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada con data 03/08/2022, que di o seguinte:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (DECLARACIÓN DESERTOS LOTES 4, 5, 7 E 8)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (lotes 4, 5, 7 e 8)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241)

Segundo.- O 12 de xullo de 2022 publicouse o anuncio no perfil de contratante, rematando o prazo de presentación de proposicións o 27 de xullo de 2022.

Terceiro.- Durante o prazo concedido presentáronse 3 proposicións segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 2 de agosto de 2022:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2022 14:03	Páxina 1 de 3
6738-241	CSV: A7A2B1-A6C3C1-392D47-7HG3F1-U9ZSLG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. ATELIER LIBROS, S.A.U. (lotes 1 e 2)
2. JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6)
3. LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U. (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8)

LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U. presentou unha proposición aos lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o 21 de xullo de 2022 ás 15:24 horas e outra proposición aos mesmos lotes a través do Rexistro Xeral (documento nº 220183600), tal e como se indica no citado certificado, o mesmo día ás 15:32 horas sen encriptar.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 3 de agosto de 2022, acordou non admitir a LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U. nos lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 por ter presentado dúas proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 da LCSP e cláusula 13.6 do PCAP "*En ningún caso se poderá presentar máis dunha oferta. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia*"). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP "*A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador*").

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que na sesión do 3 de agosto de 2022 se acordou non admitir ao único licitador presentado nos lotes 4, 5, 7 e 8 desta licitación, LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U., procede declarar desertos os referidos lotes.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar desertos os lotes 4, 5, 7 e 8 do procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) porque o único licitador presentado nestes lotes non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado dúas proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 da LCSP e cláusula 13.6 do PCAP "*En ningún caso se poderá presentar máis dunha oferta. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia*"). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP "*A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador*")."*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2022 14:03	Páxina 2 de 3
6738-241	CSV: A7A2B1-A6C3C1-392D47-7HG3F1-U9ZSLG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2022 14:03	Páxina 3 de 3
6738-241	CSV: A7A2B1-A6C3C1-392D47-7HG3F1-U9ZSLG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		